

ANEXO III

2019/CP/230

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
AXUDA

Referencia: Convenio Xunta-Universidades			
Título: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS XERAIS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN.			
CENTRO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica. Responsable da área de Estratexia, I+D+i e Promoción			
LUGAR E HORARIO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Luns a venres de 7:45-15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado ☐		* Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico administrativo ☐		Axudante administrativo ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	
DURACIÓN	Ata o 31/12/2022	DATA APROX. DE INICIO	01/01/2020
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.460,50 € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0500 442022 541A 640 00 00			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciado ou graduado en áreas Científicas (Química, Bioloxía, Medicina, Farmacia ou afín)
EXPERIENCIA: Experiencia demostrada en tarefas obxecto do contrato (Ver memoria da convocatoria)
REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: enviar por correo electrónico a cica@udc.es
PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: páxina web do CICA (https://cica.udc.es/)

A Coruña, 13 de novembro de 2019
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo. Salvador Naya Fernández

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

Código Seguro De Verificación	0PtFpbFGCThscXYMYHAjMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	13/11/2019 13:37:43
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0PtFpbFGCThscXYMYHAjMA==		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Desde a creación da Universidade da Coruña, unha das áreas de especialización, tal como o demostra a existencia de diversas especialidades e titulacións, son as áreas de Bioloxía e Química. Non é de estrañar, polo tanto, que as investigacións máis fortes que se realizan nesta universidade son aquelas que se orientan cara aos recursos biotecnolóxicos e as ciencias médicas, así como medioambiente e novos materiais. Por outra parte, o interese social que suscita este tipo de investigacións é cada día maior, o que favorece a proxección dos traballos realizados polos investigadores da UDC.

Un dos puntos clave para o desenvolvemento destas investigacións é a adecuación a espazos de traballo coas condicións máis actuais de seguridade e cumprimento de normas medioambientais. Por iso, no ano 2016, iniciou as súas actividades o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), albergando 14 grupos de investigación con aproximadamente 215 investigadores, cuxas liñas están relacionadas coas áreas da biotecnoloxía, a biomedicina, o medio ambiente e os novos materiais.

Ademais, o CICA formou co Instituto de Investigación Biomédica A Coruña (INIBIC) unha Agrupación Estratéxica (AE) avalada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, que fortalece as liñas de investigación entre os grupos da UDC e do INIBIC.

Debido as singularidades dos centros de investigación actuais, faise necesario o apoio de persoal de xestión.

Entre eles, un perfil que de apoio ao director do centro na definición da estratexia do centro e a AE e que sexa responsable da área que leva a cabo tarefas de: proxectos de I+D+i, transferencia, comercialización, captación de talento, promoción, comunicación e divulgación.

1. Entre outras, algunhas tarefas serán:

- Apoio e colaboración co director do CICA e coordinador da AE CICA-INIBIC no desenvolvemento da súa estratexia e plan estratéxico, no deseño de novas liñas de investigación estratéxicas e diferenciadoras, así como da axenda científica. Tamén na asistencia a reunións e selección de persoal.
- Apoiar á xestión operativa do CICA e a AE CICA-INIBIC.
- Apoiar á coordinación e supervisión da área de Estratexia, I+D+i e Promoción do CICA e a AE, así como do seu persoal nestas áreas.
- Promoción do CICA, a AE e dos seus grupos de investigación, incluídas as redes sociais. Asistencia a eventos.
- Colaboración na organización de actividades do CICA e da AE CICA-INIBIC (seminarios, xornadas, conferencias, visitas,...).
- Procura, solicitude e xestión de axudas para o financiamento propio do CICA e a AE, así como a redacción de memorias de solicitude e xustificación das mesmas.
- Xestión de proxectos propios e organización de actividades no eido da divulgación científica.
- Colaboración na captación de talento e a definición da súa estratexia.
- Apoio nas tarefas relacionadas con transferencia de tecnoloxía e comercialización.
- Todas aquelas encamiñadas a dar apoio ao director do centro o seu persoal e a AE.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	0PtFpbFGCThscXYMYHAjMA==	Estado	Asinado	Data e hora	13/11/2019 13:37:43
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández				
Observacións		Páxina	2/3		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0PtFpbFGCThscXYMYHAjMA==				



2. Criterios e valoración de méritos

	CONCEPTO	PUNTUACIÓN	MÁXIMO	EXCLUINTE
1. Titulación	Licenciado ou graduado en áreas Científicas	Excluínte		Si
2. Experiencia Profesional	2.1 Experiencia como investigador/a en centro de investigación ou universidade	0,5 puntos x mes traballado	10 puntos	
	2.2. Experiencia en transferencia de tecnoloxía (patentes, contratos, valorización...)	0,5 puntos x mes traballado	15 puntos	
	2.3 Experiencia en estratexia, promoción de grupos de investigación, organización de eventos e solicitude e xestión proxectos	0,5 puntos x mes traballado	25 puntos	
	2.4 Experiencia en xestión de proxectos de divulgación científica	2,5 puntos x proxecto	5 puntos	
3. Formación	Formación relacionada con: xestión operativa de centros de investigación, xestión de proxectos, transferencia e promoción da I+D+i	0,2 puntos x hora formación	10 puntos	
4. Coñecemento de idiomas (Inglés)	Inglés B2 ou equivalente		10 puntos	
Entrevista persoal	Posibilidade de entrevista persoal aos candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores		25 puntos	

NOTAS IMPORTANTES:

- Os curriculum vitae presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados pola comisión de avaliación.
- Indicar no curriculum vitae, e no mesmo orden en que se valorarán os méritos (ver táboa de valoración), as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración das mesmas. Na formación indicar necesariamente o nº de horas, en caso de non indicarse non se valorará.
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- No caso de ser necesario poderá ser solicitada ás persoas aspirantes a documentación xustificativa de cada un dos méritos alegados no curriculum.
- Achegar certificado acreditativo do nivel de inglés no caso de ter un (non é excluínte).

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia D.N.I.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	0PtFpbFGcThscXYMYHAjMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	13/11/2019 13:37:43
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0PtFpbFGcThscXYMYHAjMA==		

